



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO DA CULTURA GALEGA E A FUNDACIÓN OTERO PEDRAYO PARA A PUBLICACIÓN NA WEB DO EPISTOLARIO “RAMÓN OTERO PEDRAYO”

Trasalba, o 7 de marzo de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, D.^a Rosario Álvarez Blanco, presidenta do Consello da Cultura Galega, en nome e representación do Consello da Cultura Galega, cargo para o que foi nomeada por Decreto 67/2018, de 21 de xuño (DOG, núm. 123, de 28 de xuño), e que actúa de conformidade co disposto na Lei 8/1983, de 8 de xullo, do Consello da Cultura Galega (DOG, núm. 102, de 9 de agosto), así como en uso das atribucións que lle confire o artigo 14 do Decreto 162/2008, de 10 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello da Cultura Galega (DOG, núm. 150, de 5 de agosto), con enderezo aos efectos do presente Protocolo en Pazo de Raxoi, 2º andar, Praza do Obradoiro, 15705 Santiago de Compostela; con NIF Q6550003E.

Doutra parte, D. Juan Luis Saco Cid, presidente do Padroado da Fundación Otero Pedrayo, con CIF nº G32007825, e domicilio en Pazo de Trasalba-Cimadevila, 32172, Amoeiro (Ourense), que actúa en uso das atribucións que lle confire o art. 22 dos seus Estatutos, e en cumprimento do acordo do Pleno do Padroado na súa xuntanza ordinaria do día 21 de decembro de 2019.

Ambas as partes comparecentes recoñécense competencia no concepto no que respectivamente interveñen e con capacidade legal para formalizar o presente Convenio de colaboración e, para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Consello da Cultura Galega é unha institución estatutaria creada pola Lei 8/1983, de 8 de xullo do Parlamento de Galicia, conforme ao artigo 32 do Estatuto de Autonomía de Galicia, que ten como obxectivos a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

Segundo.- Que entre os obxectivos do Consello da Cultura Galega figura a recuperación e difusión da correspondencia de personalidades da cultura galega, para o que desenvolveu o proxecto Epistolarios, accesible a través da web no seguinte enlace: <http://epistolarios.consellodacultura.org/>.



Terceiro.- Que a Fundación Otero Pedrayo é unha entidade sen ánimo de lucro, que ten entre os seus fins custodiar o legado tanto material como creativo e intelectual de Ramón Otero Pedrayo, fomentando, sostendo e difundindo o interese e a reflexión sobre a transcendencia da súa memoria, procurando o estudo e divulgación da súa obra.

Á vista do anteriormente exposto, ambas as partes acordan formalizar o presente Convenio de colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

O presente Convenio ten por obxecto a determinación das condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Fundación Otero Pedrayo e o Consello da Cultura Galega para a posta en rede e comunicación pública do epistolario de Ramón Otero Pedrayo, mediante a publicación en Web da correspondencia conservada de Ramón Otero Pedrayo, a través da aplicación “Epistolario” desenvolvida polo Consello da Cultura Galega.

SEGUNDA.- Obrigas das partes asinantes

O Consello da Cultura Galega poñerá a disposición da Fundación Otero Pedrayo a aplicación informática “Epistolario”, así como o espazo preciso no servidor web do Consello da Cultura Galega para almacenar a base de datos co epistolario de Otero Pedrayo.

A Fundación Otero Pedrayo introducirá na aplicación as cartas e documentación do epistolario de Otero Pedrayo, así como os metadatos de identificación de cada unha das cartas, para permitir a súa publicación na rede e a posta a disposición gratuíta ao público das cartas emitidas ou recibidas por Ramón Otero Pedrayo.

TERCEIRA.-Financiamento e titularidade do proxecto

O Consello da Cultura Galega comprométese a ceder á Fundación Otero Pedrayo, gratuitamente e co único fin previsto neste Convenio, a aplicación “Epistolario”.

A Fundación Otero Pedrayo recoñece a titularidade exclusiva do Consello da Cultura Galega da aplicación “Epistolario” e comprométese a utilizar gratuitamente a mesma co único e exclusivo fin de poñer en rede as cartas de Ramón Otero Pedrayo.

Corresponde exclusivamente á Fundación Otero Pedrayo a xestión dos permisos necesarios para este fin por parte das entidades depositarias das cartas e dos propietarios lexítimos dos dereitos de propiedade intelectual de cada unha delas, eximindo ao Consello da Cultura Galega de calquera responsabilidade respecto diso.



CUARTA.- Difusión e colaboración das partes

Ambas entidades poderán publicar nas súas respectivas páxinas Webs o epistolario “Ramón Otero Pedrayo” facendo constar a colaboración de ambas institucións.

Sexa cal fose o medio de difusión das publicacións derivadas deste convenio, cada unha das partes comprométese a fa.er mención da outra parte e dos termos deste convenio.

En todas as publicacións dixitais editadas ao amparo deste convenio deberán figurar, con igual rango e consideración, o logotipo da Fundación Otero Pedrayo e o propio do Consello da Cultura Galega.

Nas cartas publicados no marco deste convenio farase constar a procedencia e titularidade de cada unha delas, incluíndo na aplicación unha mención as persoas e institucións colaboradoras.

QUINTA.- Comisión de seguimento do convenio

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio créase unha Comisión Mixta. Esta Comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do convenio, e estará formada por dous representantes do Consello da Cultura Galega e dous representantes da Fundación Otero Pedrayo.

SEXTA.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

SÉTIMA.- Vixencia

O presente convenio de colaboración estará vixente desde a data da súa firma, ata a finalización dos traballos previstos nel pola Fundación Otero Pedrayo.



Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

OITAVA.- Causas de resolución

Son causas de resolución do presente convenio de colaboración o mutuo acordo das partes e o incumprimento, total ou parcial, das cláusulas contidas nel.

NOVENA.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMA.- Protección de datos de carácter persoal

1. As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais.

2. Para o cumprimento da finalidade deste convenio, cada unha das partes declara e garante que, con anterioridade á subministración á outra parte de datos persoais de calquera persoa física involucrada na sinatura deste convenio ou no seu desenvolvemento, informará as persoas interesadas de forma lícita, leal e transparente das garantías sobre política de protección de datos persoais incluída no presente documento, e tamén doutros requisitos que puidesen ser de aplicación para a correcta cesión dos seus datos persoais á outra parte. Para tales efectos, as páxinas webs das partes asinantes deste convenio conteñen información relativa ao tratamento dos datos persoais e o modo en que poden exercer os seus dereitos, o contacto cos delegados ou delegadas de protección de datos e demais aspectos esixidos pola normativa vixente no que se refire aos dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, así como aos dereitos de transparencia da información, de supresión, limitación, portabilidade ou reclamación.

3. Os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para o cumprimento da finalidade obxecto deste convenio e, con posterioridade ao remate da súa vixencia, polo tempo de prescrición das accións legais correspondentes para a tutela do dereito á protección de datos persoais. Os datos destrúiranse logo de que transcorra o referido prazo de prescrición.



4. As partes non lles cederán a terceiros os datos persoais tratados ao abeiro deste convenio, agás aqueles que sexan estritamente necesarios para publicar a identidade da persoa nas páxinas web, nos taboleiros de anuncios, nas redes sociais ou nos medios de comunicación que ambas as dúas partes asinantes determinen.

5. Os representantes das partes asinantes e demais titulares dos datos tratados ao abeiro deste convenio poderán exercer os seus dereitos de acceso, oposición, rectificación, supresión e limitación mediante o envío dunha petición razoada dirixida á sede do Consello da Cultura Galega Praza de Raxoi, 2º andar. Praza do Obradoiro. 15704 Santiago de Compostela ou no seu correo electrónico correo@consellodacultura.gal. Así mesmo, as persoas interesadas que consideren lesionado o seu dereito á protección de datos poderán presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.agpd.es).

DECIMO PRIMEIRA.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Os conflitos que se susciten no desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión de Seguimento do convenio e, en caso de non chegar a un acordo, as partes someterán as cuestións litixiosas ao coñecemento dos tribunais da orde xurisdicional contenciosa-administrativo.

E para que conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan o presente Convenio por triplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

Polo Consello da Cultura Galega

Pola Fundación Otero Pedrayo

Rosario Álvarez Blanco
Presidenta

Juan Luis Saco Cid
Presidente